

REGULAMENTO DOS ESTUDOS DE POSGRAO OFICIAIS

A LOU dedica o seu capítulo XIII á regulación do Espazo Europeo de Educación Superior, no marco dos principios acordados na Declaración de Bolonia desenvolvido polo Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, modificado polo RD 1509/2005, do 16 de decembro, que regula os estudos universitarios oficiais de posgrao, establecendo así unha nova estrutura dos estudos de nivel universitario, que diferencia entre estudos de grao e estudos oficiais de posgrao. Este decreto que regula de xeito xenérico estes estudos precisa dunha regulación interna que estableza e que pauten os distintos procedementos destes novos estudos oficiais conforme ás regras e ás normas estatais que regulan o Espazo Europeo de Educación Superior como é o sistema de créditos ECTS contido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e sempre tendo en conta a autonomía das universidades nesta materia de xestión académica.

Pola súa banda, os Estatutos da Universidade reservan ao Consello de Goberno a competencia para a elaboración dos regulamentos nesta materia e na súa virtude este órgano procedeu a aprobación do presente regulamento de estudos de posgrao na súa sesión de 30 de xuño de 2006 en que se establece o marco normativo en que estes estudos se van desenvolver.

TÍTULO I. DOS ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO

Artigo 1. Tipos de estudos de posgrao

Os programas oficiais de posgrao (POP), orientados á especialización académica, profesional ou investigadora, poderán estar integrados por:

- a) Estudos de máster, cunha duración de entre 60 e 120 créditos. A estrutura dos másteres tenderá a ser de 60, 90 ou 120 créditos.
- b) Estudos de doutoramento orientados á investigación e a realización da tese de doutoramento.

Artigo 2. Composición dos planos de estudos dos másteres e doutoramento

1.- Máster

Os planos dos estudos de máster estarán compostos por:

- Módulos. Defínense como o conxunto de materias relacionadas entre si e poderán estar constituídos por materias obrigatorias e/ou materias optativas
- Materias. Son os contidos correspondentes a disciplinas e actividades formativas que poden ter carácter presencial ou semipresencial.

Estes programas poderán prever a existencia de especialidades en función dos módulos ou das materias cursadas polo alumnado.

A organización dos másteres será fundamentalmente modular, e poderá tamén organizarse por materias. Para cada módulo, ou de ser o caso materia, establécense

unha guía docente cos obxectivos, as competencias e as habilidades que se terán que adquirir para superar o módulo ou a materia.

O número mínimo de alumnos que deberá matricularse nunha materia para poder impartirse non poderá ser inferior a 4.

Para o cómputo dos créditos dos programas conducentes ao título oficial de máster aplicarase a unidade de crédito ECTS regulada no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro. O número mínimo de horas por crédito será de 25 e o número máximo será de 30 horas. Tenderase a estimar en 25 horas o traballo do alumno por cada crédito ECTS.

Todas as materias conducentes a un título de máster deberán ter o mesmo valor en horas de traballo do alumno por cada crédito, incluídas as prácticas en empresas.

2.- Doutoramento

A regulamentación correspondente aos estudos de doutoramento será establecida no seu momento polo Consello de Goberno.

TÍTULO II. PROPOSTA E APROBACIÓN DE PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO

Artigo 3. Órganos e trámites

3.1. O Consello de Goberno

De acordo co artigo 4.2 do RD 56/2005, o Consello de Goberno da Universidade ten a responsabilidade de aprobar as propostas de programas de posgraos oficiais

3.2. A Comisión de Estudos de Posgrao

A Comisión de Estudos de Posgrao exercerá as funcións definidas no RD 56/2005 e as funcións definidas posteriormente nesta normativa.

3.3. As facultades ou escolas

Aprobarán e trasladarán as iniciativas de POP, se proceder, á Comisión de Posgrao. Unha iniciativa de POP dun centro constará dos programas de másteres aprobados polas xuntas de centro. Estes serán desenvolvidos por iniciativa propia, ou no caso dos másteres de investigación, por proposta dalgún o dalgúns departamentos ou institutos universitarios de investigación.

Todas as propostas achegaranse xunto ao procedemento oficialmente establecido para a presentación dos POP pola Comunidade Autónoma.

3.4. Os departamentos e institutos universitarios de investigación

Os departamentos e institutos universitarios de investigación deberán aprobar as propostas dos másteres de investigación para as trasladar á facultade ou escola responsable do POP en que corresponda integrar estas propostas.

3.5 Por razóns estratéxicas o Consello de Goberno da Universidade poderá proñoer de oficio a creación de estudos de posgrao oficial.

3.6 Os trámites para a proposta de creación de estudos de posgrao serán:

A) Solicitud, que se realizará no formulario establecido para os efectos e que deberá incluír os elementos que establezan as administracións educativas, así como os que se derivaren do presente regulamento e as normas que para o seu desenvolvemento se estableceren na UDC. Alén diso, deberase acompañar da declaración de dispoñer de espazos e medios materiais e humanos suficientes para se poderen impartir.

B) A proposta de solicitud ou modificación será revisada polo Servizo de Organización Académica, que analizará o cumprimento dos requisitos para a súa tramitación e solicitará, de ser o caso, a súa corrección.

C) A Comisión de Posgrao estudará anualmente as propostas recibidas e trasladará a proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación. O calendario de presentación de propostas será determinado anualmente pola Vicerreitoría de Organización Académica.

D) Logo do informe do Consello Social e tras as avaliacións que se consideraren oportunas, trasladarase a proposta de oferta de estudos á comunidade autónoma para a súa remisión ao Consello de Coordinación Universitaria.

Artigo 4. Oferta

A oferta de programas oficiais de posgrao tenderá a abranguer todas as grandes áreas de coñecemento, atendendo as necesidades de formación posgraduada e tomando en consideración os titulados de grao nos distintos estudos e nos campus que integran a Universidade, así como a desexable racionalidade na oferta de estudos dentro do sistema universitario galego.

A determinación da proposta de programas oficiais de posgrao efectuarase atendendo a criterios de: calidade; pertinencia académica; adecuación á realidade social e económica de Galicia; demanda previsible e razoada, e recursos dispoñibles.

Non poderá existir nesta universidade máis dun programa oficial de posgrao con denominacións, obxectivos e contidos coincidentes.

Artigo 5. Límite de prazas

A aprobación dos programas de posgrao implicará a determinación inicial do límite de prazas para as titulacións do programa. Anualmente as persoas responsables dos programas proporán o mantemento ou a modificación do límite de prazas, que será aprobado polo Consello de Goberno.

Enténdese que o límite de prazas se refire á preinscrición no curso completo. O centro responsable pode aprobar, ademais, a inscrición de alumnos por módulos ou materias segundo as súas dispoñibilidades co obxectivo de favorecer a formación continua. Para estes efectos, na elaboración anual do POD, establecerase o límite máximo de admisión en cada materia que nunca poderá ser inferior ao do máster no seu conxunto.

No caso de titulacións interuniversitarias especificarase a totalidade das prazas do programa e, no seu caso, as que corresponden a cada universidade.

Artigo 6. Asignación da docencia

Tendo en conta os obxectivos formativos dos programas oficiais de posgrao, para a asignación de docencia deberase actuar consonte aos seguintes criterios:

A asignación de docencia nos másteres dos programas oficiais de posgrao realizarase inicialmente coa aprobación do programa. A asignación deberá contar coa aceptación do profesorado e a comunicación ao departamento, e deberá especificar o número de horas de docencia que lle corresponde a cada profesor.

A programación docente de posgrao oficial aprobada só poderá ser modificada por causas xustificadas, por proposta do órgano responsable do programa e deberá respectar en todo caso os obxectivos do título aprobado e as porcentaxes de créditos impartidos polo profesorado con título de doutor establecidos pola normativa vixente.

No conxunto das actividades docentes e investigadoras individuais dos profesores universitarios, a docencia, a dirección de programas oficiais de posgrao e a dirección das teses de doutoramento terán o mesmo tipo de recoñecemento académico que o concedido ás actividades desenvolvidas nos estudos de grao.

TITULO III. COMISIÓN DE ESTUDOS DE POSGRAO, COMPOSICIÓN E FUNCIONS

Artigo 7. Comisión de estudos de Posgrao


A Universidade da Coruña establecerá unha Comisión de estudos de Posgrao. Esta comisión estará presidida polo reitor ou persoa en quen delegar; tamén estarán presentes nela, os vicerreitores que teñan competencias en Organización Académica, Calidade, Profesorado e Investigación.

O Consello de Goberno establecerá a súa composición e forma de elección.


Artigo 8. Funcions da Comisión de estudos de Posgrao

Son funcións da Comisión de estudo de Posgrao:

- 1.- Elaborar e, no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión.
2. -Elaborar e, no seu caso, modificar, a normativa de elaboración dos planos de estudo dos POP.
3. - Propoñer ao Consello de Goberno da UDC os programas oficiais de posgrao por iniciativa das xuntas de centro. Informar ao Consello de Goberno das modificacións sobre os POP xa existentes, para a súa aprobación.
4. - Supervisar a existencia dos recursos humanos e materiais necesarios para a implantación dun POP ou, no seu caso, informar sobre as necesidades existentes
5. - Analizar a calidade académica de cada proposta, para o que deberá considerar necesariamente a adecuación do historial docente e investigador das persoas responsables da docencia, a coherencia do programa, a optatividade máxima de cada Máster e a interdisciplinabilidade con que se formula.
6. - No caso de programas conxuntos con outras universidades, a Comisión velará polo cumprimento do RD 56/2005, así como das posibles regulacións que realicen o MEC ou a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.
7. - Propoñer, se for necesario, no caso de másteres propostos conxuntamente por varios centros da UDC, a súa adscrición a un deles.



8. - Determinar o número mínimo de estudantes para autorizar que se imparta un POP na UDC, de acordo coa normativa autonómica.
9. - Autorizar a proposta das persoas responsables do programa, a colaboración nun POP de profesionais e de investigadores, que non sexan profesores universitarios.
10. - Autorizar a proposta das persoas responsables do programa, os acordos de colaboración con outras institucións ou organismos públicos ou privados.
11. - Establecer, tras a proposta das persoas responsables do programa, os requisitos de admisión específicos e os criterios de valoración de méritos para o acceso a un POP,
12. - Establecer anualmente as datas para a presentación por parte das xuntas de centro das novas implantacións de POP, así como das modificacións dos xa existentes.
13. - Propoñer anualmente ao Consello de Goberno as datas de preinscrición e matrícula nos POP.
14. - Tomar os acordos oportunos e resolver os conflitos que se puideren formular na organización académica dun POP.
15. - Propoñer as posibles modificacións do presente regulamento e as eventuais normativas de desenvolvemento deste para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
16. - Calquera outra competencia que lle atribuír a lexislación vixente e os Estatutos da UDC.



TÍTULO IV. DA ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E ACCESO

Artigo 9.

As facultades ou escolas serán os órganos responsables dos POP.

Cada POP estará adscrito a un centro. Cando se tratar de programas interuniversitarios, deberán preverse os órganos precisos de coordinación das institucións implicadas a través do correspondente convenio.

Os POP serán coordinados por un/unha profesor/a doutor/a con dedicación exclusiva na universidade, nomeado/a polo reitor tras a proposta da Xunta de Facultade ou Escola. No suposto considerado no artigo 3.5, o/a coordinador/a do programa será nomeado/a polo reitor por proposta da Comisión de Posgrao.

A) Da organización, xestión e acceso aos másteres oficiais

Artigo 10. Organización e xestión

Os másteres oficiais serán coordinados por un/unha profesor/a con dedicación exclusiva á Universidade que terá que ser establecido na proposta de implantación.

A xestión académica dos másteres oficiais levarase a cabo, agás excepcións motivadas, nas mesmas unidades previstas para a xestión do grao.

Artigo 11. Admisión

A admisión do alumnado no máster oficial realizarase conforme os procedementos e os criterios establecidos neste regulamento seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.

O calendario de preinscrición e matrícula será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da Comisión de Posgrao.

Os/as estudantes poderán acceder a calquera máster oficial relacionado ou non cientificamente co seu currículo universitario, conforme os requisitos de admisión específicos establecidos no título de máster e criterios de valoración dos méritos que, no seu caso, estableza a Universidade.

Tamén poderán acceder a estudos de máster oficial o alumnado que cursase estudos no estranxeiro cando se lle recoñeza a equivalencia ou a homologación dos seus estudos, segundo o establecido no artigo 3.2 do RD 56/2005.

Os estudantes que pretendan cambiar de programa deberán someterse a un novo proceso de selección.

Artigo 12. Requisitos de acceso aos estudos de máster


1.- Para accederen aos estudos de oficiais de máster os estudantes deberán reunir, cando menos, un dos seguintes requisitos:

a) Ser licenciado, arquitecto, enxeñeiro, ou equivalente, ou posuír unha titulación de ciclo curto.

b) Posuír un título de grao.

c) Ter superados os créditos do primeiro ciclo das actuais titulacións de dous ciclos.

d) Acreditar ter superados cento oitenta créditos dos estudos de grao cando nestes créditos estea comprendida a totalidade dos contidos formativos comúns do título de grao. Neste caso, a admisión deberá ser aprobada por resolución reitoral, logo da solicitude individual e razoada da persoa interesada e do informe vinculante do Consello de Dirección, que poderá delegar esta competencia de informe noutro órgano ou unidade administrativa



B) Organización, xestión e acceso ao doutoramento

Esta parte da regulamentación será establecida no seu momento polo Consello de Goberno.

TÍTULO V. PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

Artigo 13. Matrícula en inicio e continuación de estudos dos másteres

Os estudantes admitidos segundo o artigo 5 matricularanse por vez primeira da totalidade dos créditos que figuraren na programación do primeiro curso da titulación de posgrao, ou nos módulos en que foren admitidos.

Cada programa poderá establecer unha ordenación temporal dos módulos que deben superar en cada curso, así como os contidos, os módulos ou as materias que deben ser superados nun determinado curso académico.

Os créditos pendentes deberán ser obxecto de matrícula xunto coa programación do curso seguinte e poderán ser superados nunha convocatoria específica. Con

independencia da realización das actividades necesarias para a superación de tales créditos a súa anotación no expediente do alumno coincidirá coas datas das convocatorias ordinarias ou extraordinarias dos estudos de primeiro e de segundo ciclo ou de grao. A matrícula dos créditos non superados ou suspensos non dará dereito á modificación da programación do máster.

Será impedimento de matrícula durante dous anos a non superación de ningún crédito dese programa. Transcorrido este período o alumnado deberá someterse a un novo proceso de admisión no programa.

Artigo 14. Dereitos da matrícula

A matrícula no máster dará dereito a recibir a docencia e participar nas actividades establecidas no programa, á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento dos seus traballos e a todos os dereitos de participación correspondentes aos estudantes de programas oficiais de posgrao e aqueles outros que figuran nos Estatutos da Universidade.

TITULO VI. DAS TESES DE DOUTORAMENTO

Esta parte da regulamentación será establecida no seu momento polo Consello de Goberno.

TÍTULO VII. DAS TITULACIÓNS COMPARTIDAS

Artigo 15. Titulacións compartidas

O réxime de acceso, de matrícula e de xestión de expedientes nos POP interuniversitarios será o que estableza o convenio asinado. De non existir regulación expresa o réxime será o seguinte:

1. As universidades ofertarán de xeito independente o número de prazas, tanto para o primeiro curso como para o acceso ao segundo, de ser o caso.
2. En calquera dos accesos o alumnado poderá formular unha solicitude de ingreso independente en cada unha das universidades ou en todas á vez, e deberá optar, no caso de seren admitidos en máis dunha, por unha delas no momento de formalizar a matrícula.
3. Unha vez admitidos cos mesmos criterios de selección consideraranse alumnos dun único curso, e non poderán formalizar matrícula en mais dunha universidade á vez, mais poderán realizar módulos ou materias en calquera das universidades ou modificar a universidade que xestione o seu expediente, de conformidade co punto 6.
4. A matrícula formalizarase mediante os procedementos, as normas de liquidación de prezos e os prazos establecidos pola universidade en que se matricule. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar o alumnado nalgunha ou en todas as institucións. Para estes efectos o/a alumno/a deberá indicar, no momento de formalizar a matrícula, as disciplinas que pretenda cursar na outra ou nas outras institucións, sempre que así figurar na



oferta. Poderán establecerse requisitos de matrícula e/ou convocatorias para cursar materias non superadas noutra das universidades participantes no programa, tomando en consideración as convocatorias as que, de ser o caso, concorrese en calquera delas.

5. Finalizados os prazos de modificación de matrícula que estableza cada universidade e, no caso de existiren modificacións que afecten ás materias da outra universidade en que haxa alumnado inscrito, comunicaranse os cambios no prazo máximo de 10 días.
6. O alumnado matriculado nunha universidade conforme o parágrafo 4 poderá solicitar trasladar a xestión do seu expediente a outra con carácter anual, sen que teña a consideración xurídica de traslado, polo que non se deberán aboar prezos públicos por este concepto.
7. En ningún suposto o exercicio do dereito de matrícula establecido nestas normas obrigará a modificar o réxime de horarios e o calendario de exames en ningunha das universidades.
8. Ao finalizar cada unha das convocatorias oficiais, cada universidade, polo procedemento que establecer, remitirá ás outras unha acta ou certificación por cada materia onde exista alumnado inscrito das outras universidades e que nese curso estea matriculado na primeira. A acta ou o certificado incluirá, cando menos, a denominación e o código da materia, o DNI, os apelidos e o nome do/a alumno/a e a cualificación ou mención. Esta certificación non será necesaria no caso de as universidades utilizaren a mesma aplicación informática que dea acceso a estes datos, mais para os efectos de constancia no expediente, remitirase a acta asinada en que figure a cualificación do/a alumno/a.
9. As materias e as actividades cursadas polo alumnado e recollidas no seu expediente serán recoñecidas nas outras universidades sen que se someta a ningún tipo de proceso de adaptación ou validación. A transcripción do expediente será literal e sen textos engadidos, notas ou aclaracións.
10. Para a obtención do título o alumnado deberá ter superados todos os créditos establecidos, independentemente da universidade onde os superar.
11. O alumnado aboará os dereitos de expedición do título na universidade onde efectuase a última matrícula, que será a encargada da súa expedición en todo o relacionado coas certificacións, cos duplicados, co rexistro e coa custodia.
12. O modelo de título que se expida será acordado polas universidades, de acordo coa normativa xeral, e incluirá os símbolos institucionais e a sinatura dos seus reitores.

TÍTULO VIII. Expedientes

Artigo 16. Xestión do expediente

O expediente dos alumnos será único e nel anotaranse os estudos oficiais que se vaian cursando.

Artigo 17. Réxime de avaliación

Os estudantes terán dereito a unha avaliación anual para determinar as competencias e habilidades adquiridas, conforme o sistema que se estableza na guía docente.

O sistema de avaliación poderá ser por módulos ou por materias, dependendo da organización do programa segundo o establecido no artigo 2.

A avaliación concedida poderá ser revisada segundo a normativa vixente na universidade.

As materias cursadas por segunda vez, de conformidade co disposto no artigo 11, serán avaliadas cos sistemas xerais ou específicos que se determinen na guía docente.

O control presencial poderá formar parte do sistema de avaliación, e a programación docente poderá esixir que, para superar determinadas materias, deba acreditarse a asistencia cando menos no 80 %, ás actividades presenciais programadas. Para estes efectos establecerase un sistema de control presencial obxectivo.

Artigo 18. Prácticas externas

Os másteres oficiais poderán conter a realización de prácticas externas en empresas ou entidades alleas á universidade. O coordinador do máster deberá nomear unha persoa coordinadora de prácticas que será a encargada de xestionar a oferta e a adxudicación das prazas.

No criterio de selección para a realización das prácticas deberá considerarse obrigatoriamente o expediente académico

A Universidade, a empresa ou entidades, deberán nomear cadanseu titor de prácticas que se encargará do seguimento da aprendizaxe do/a alumno/a. De non seren precisos dous titores, esta circunstancia e o procedemento de avaliación farase constar na programación dos estudos. O/a titor/a universitario/a das prácticas poderá ser a persoa coordinadora destas.

Tendo en conta o aproveitamento das prácticas, a memoria elaborada polo alumno e o informe do titor da empresa, o titor da universidade concederá a correspondente cualificación. O réxime de cualificación será o mesmo que as restantes materias.


Artigo 19. Alumnado que non superou o programa

Aos estudantes que non estean en condicións de obter o título de Máster poderá concedérselle un certificado acreditativo da súa asistencia. Este documento non poderá ter un formato que induza a confusión co título de posgraio oficial.

TÍTULO IX. TÍTULOS

Artigo 20. Expedición de títulos

O procedemento de expedición e as características dos títulos de posgraio serán os que estableza o MEC para estes títulos oficiais



A xestión dos procedementos de expedición, duplicados, entrega e remisión dos títulos serán os establecidos para os títulos oficiais.

A expedición de títulos conxuntos entre varias universidades farase de conformidade co que estableza o convenio de colaboración. En todo caso nos títulos expedidos conxuntamente deberá figurar o logotipo das universidades que o impartiron e a sinatura do seu reitor, que poderá estar impresa. A falta de previsión expresa no convenio, cada universidade xestionará a expedición dos títulos dos alumnos dos que xestiona o seu expediente e, en particular, dos alumnos que rematen os estudos nela. Cando a superación dun programa der lugar á expedición dun título para cada universidade, deberá incluírse a referencia do programa seguido para a súa obtención, así como do convenio suscrito, sen que proceda a expedición de máis dun título en favor do/a mesmo/a interesado/a.

TÍTULO X. PREZOS E SEGUROS

Artigo 21. Prezos públicos

Os estudos conducentes á obtención dun título oficial de posgrao devengarán os prezos públicos que determine a Comunidade Autónoma. A xestión dos prezos públicos dos POP realizarase de acordo coas normas de aplicación que, no ámbito das súas competencias, puider ditar a universidade.

Estarán exentos total ou parcialmente do pagamento de prezos públicos os/as alumnos/as que se atoparen nalgunha das situacións reguladas na lexislación vixente.

A súa aplicación realizarase conforme co procedemento que para tales efectos estableza a Secretaría Xeral.

Artigo 22. Seguro escolar

Será obrigatorio o seguro escolar para o alumnado español e dos distintos estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, e para os estudantes estranxeiros residentes que formalicen matrícula en estudos oficiais de posgrao e sexan menores de 28 anos.

A Universidade esixirá a formalización dun seguro que cubra idénticos ou similares riscos aos do seguro escolar a todos aqueles estudantes que queden fóra do ámbito da súa aplicación.

Artigo 23. Réxime de bolsas

Será de aplicación aos posgraos oficiais o réxime de bolsas e axudas que establezan outras administracións públicas ou institucións, sempre que existan convocatorias públicas e compensación para a Universidade

TÍTULO XI. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS POP

Artigo 24. Memorias dos programas



Sen prexuízo dos procesos de avaliación externos a que fai referencia o art. 6.1 do RD 56/2005, modificado polo RD 1509/2005 do 16 de decembro e o RD 49/2004 do 19 de xaneiro, a Universidade establecerá os seus propios mecanismos de seguimento e avaliación dos POP para tomar decisións respecto da súa continuidade, modificación ou retirada.

Para estes efectos as persoas responsables dos Máster elaborarán ao remate deste, unha memoria de actividades e de desenvolvemento del, onde se analizará o cumprimento dos obxectivos académicos propostos.

As memorias dos POP serán avaliadas pola Comisión de Estudos de Posgrao, quen poderá suxeririlles ás persoas responsables do POP as melloras que considerar oportunas. O Consello de Goberno decidirá anualmente sobre as propostas de implantación, modificación ou supresión do POP e someteraas ao Consello Social

Complementariamente, estableceranse mecanismos de seguimento do cumprimento das propostas de programas e de avaliación do grao de satisfacción do alumnado, establecendo criterios de calidade e de avaliación externa para a prórroga de programas ou para a creación e posta en marcha doutros novos.

O incumprimento grave das propostas tanto no seu aspecto académico como de xestión poderá dar lugar á extinción dos programas unha vez rematado o período establecido neste. En todo caso estableceranse os mecanismos para que o alumnado que comezara o programa o poida rematar.

Disposicións adicionais

Primeira.- Autorízase ao reitor ou persoa en quen delegar para ditar cantas resolucións foren necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento.

Segunda.- A avaliación dos programas de posgrao na UDC realizarase conforme ao sistema de garantía da calidade das titulacións previsto.


Terceira.- A Universidade establecerá mecanismos para a captación de alumnos de posgrao mediante técnicas informativas, informáticas e de mercadotecnia. Así mesmo potenciará as relacións de colaboración con universidades e institucións estranxeiras para o intercambio de estudantes e a concesión de titulacións duplas ou compartidas.

Disposicións transitorias

Primeira.- Mentres non se constitúa a Comisión de Estudos de Posgrao prevista neste regulamento, as súas funcións corresponderanlle aos vicerreitores que teñan competencias en Organización Académica, Calidade, Profesorado, Investigación e as actuais comisións de planos de estudo e de doutoramento.

Segunda.- En tanto os Estatutos da Universidade non reconfiguren a adscripción aos sectores electorais das diferentes modalidades de estudos, o estudantado dos másteres será considerado estudantado de segundo ciclo para os efectos da súa participación na vida académica, de conformidade co disposto no artigo 8 do RD 55/2005, do 21 de xaneiro.

Terceira.- Os programas oficiais de posgrao aprobados con anterioridade a entrada en vigor do presente regulamento axustaranse a este no curso 2008/2009




Cuarta- O número mínimo de estudantes por materia necesario para poder impartirse non será de aplicación para o curso 2006/2007.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións, resolucións ou regulamentos se opuxeren ao disposto no presente regulamento.

Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade sen prexuízo da súa posible publicación no Diario Oficial de Galicia.

 DILIXENCIA para facer constar que
o/a presente Documento
composto de 11 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobada polo Consello de Goberno,
na súa sesión de data 30-XIII-2006
O SECRETARIO XERAL,
Xosé Manuel
Asado Xosé Manuel Camil Vázquez